

VALORACIÓN ECONÓMICA DEL PATRIMONIO NATURAL

ALBINO PRADA BLANCO [dir.] / MANUEL GONZÁLEZ GÓMEZ / PHILIPPE POLOMÉ
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ / MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ RODRÍGUEZ
A Coruña: Instituto de Estudios Económicos. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2001
[243 páxinas]

Recibido: 15 febreiro 2002

Aceptado: 25 novembro 2002

O traballo dun grupo de investigadores da Universidade de Vigo permitiu a elaboración deste libro no que se recolle unha exhaustiva revisión dos últimos avances da economía ambiental no ámbito da valoración de bens naturais e ambientais, en concreto dos enclaves naturais arroupados baixo a figura institucional de Espacio Natural Protexido (ENP). Para iso, os autores aplícanlle as metodoloxías máis desenvolvidas e contrastadas desta disciplina á valoración económica da actuación pública en favor da conservación do Parque Natural das Illas Cíes (PNC) en Pontevedra.

A intensificación da intervención pública na protección, entre outros moitos aspectos relacionados co medio, do patrimonio natural require unha xustificación económica que permita garanti-la súa eficiencia no sentido de que os custos sociais nos que incorre a Administración sexan compensados polos beneficios sociais que se derivan desa intervención. Unha das técnicas máis recomendadas para estudar o impacto da regulación pública dos bens naturais é, precisamente, a coñecida como análise custo-beneficio (ACB), que esixe identificar e valorar monetariamente os fluxos de custos e beneficios asociados a ela.

No caso dun espazo natural, eses beneficios sociais¹ refírense á satisfacción derivada para a sociedade do seu uso paisaxístico e recreativo, da conservación da biodiversidade, etc., funcións que, como para a maioría dos bens ambientais, quedan fóra dos mercados, sendo necesario para a súa valoración o recurso a ferramentas baseadas nas preferencias e satisfacción reveladas polos individuos en relación co uso e/ou coa conservación do patrimonio natural. Algunhas das máis utilizadas, e aplicadas no traballo que presenta este grupo de investigadores, son:

- O método do custo de viaxe, especialmente indicado para valorar a disposición dos consumidores a pagar por un ben recreativo (o seu goce adoita requirir un desprazamento que implica unha serie de custos en termos de gastos de viaxe, de hospedaxe e custo de oportunidade polo tempo investido) e que conduce unicamente a determinar o valor de uso dese ben (en función das preferencias e da sa-

¹ Xeralmente, o *output* ou beneficio subministrado por un ben ambiental considerase formado por diferentes conceptos de valor: o valor de uso, o valor de existencia, o valor de opción, o valor de herdanza e o valor de uso indirecto.

tisfacción reveladas polos visitantes), pero que, ó ofrecer unha medida substitutiva do prezo do ben, permite realizar unha estimación da súa función de demanda. Sen embargo, non é un método de valoración operativo para a toma de decisións públicas, pois non acouta o valor derivado da intervención da Administración, senón que tan só revela o valor que os individuos lle outorgan ó acceso ó ben obxecto de análise.

- O método de valoración continxente que, a diferenza do anterior, permite incorporar tamén o valor que lle conceden ó ben –no noso caso, o PNC– os non visitantes, remitíndonos ó que tódolos individuos estarían dispostos a pagar pola conservación do enclave e, polo tanto, ó beneficio social susceptible de ser comparado co gasto da Administración por ese concepto. O punto de partida do método constitúe a realización de enquisas, entrevistas ou cuestionarios nos que se pregunta directamente pola disposición a pagar pola conservación da calidade ambiental do patrimonio natural protexido mediante algunha das figuras normativas articuladas a ese efecto fronte a un escenario no que non existise financiamento público.

Todos estes conceptos e a súa aplicación á valoración da intervención pública na conservación do PNC desenvólvense no libro ó longo de sete capítulos, enmarcados nunha serie de apartados que completan a súa estrutura, como o prólogo do director do Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza, Guillermo de la Dehesa, unha introducción na que se resumen as principais razóns que motivaron este traballo e os seus obxectivos e contidos, un apartado de conclusións no que se revisan os principais resultados da investigación e un apéndice que recolle as enquisas sobre as que se levantou o estudio empírico, deseñadas para os visitantes e non visitantes do PNC. Ademais, a obra presenta unha extensa bibliografía que se constitúe nun valioso fondo documental sobre a valoración económica de bens ambientais e, en concreto, de espazos naturais, e que dá conta da profundidade e do rigor con que os autores afrontaron a realización deste estudio.

A partir da revisión da devandita bibliografía descóbrense, ademais, que ata a data en España non se realizara unha valoración completa dos beneficios derivados da intervención pública nun ENP, incluíndo os recoñecidos tanto polos visitantes como polos non visitantes. Os autores rompen tamén coa práctica habitual neste tipo de estudos de valoración de bens públicos, mostrando para a aplicación de cada un dos métodos antes mencionados os resultados, as vantaxes e os inconvenientes das distintas especificacións econométricas dispoñibles para estimar as relacións entre as variables implicadas na análise, feito que converte a este libro nun compendio de modelos e de técnicas fielmente documentadas e empiricamente contrastadas para a estimación da disposición a pagar pola conservación e/ou o goce dun ben medioambiental.

No primeiro capítulo defínense as principais figuras desenvolvidas no ámbito do marco institucional español para garantir a protección dos espazos naturais, así como algúns dos atributos que determinan o valor da súa conservación, e realízase

unha primeira aproximación ás cifras de gasto público implicadas neses programas de intervención, enmarcando todo iso na perspectiva do programa Red Natura 2000, impulsado pola UE para promover a conservación dos chamados Lugares de Interese Comunitario (LIC), denominación na que se solicitou a inclusión de 18 espazos naturais da Comunidade galega, entre eles, o PNC. Neste capítulo sinaláanse tamén algúns dos principais atributos ambientais que fan do PNC unha “moi particular combinación de hábitats e de especies” e que explican o elevado número de visitas que recibe en comparación con outras alternativas para o ocio das moitas existentes no litoral galego.

O segundo capítulo destínase a describir e a xustificar os cuestionarios deseñados para obter a información necesaria para a aplicación dos métodos de valoración da disposición a pagar pola conservación do PNC e a definir os escenarios de valoración. Delimítanse tamén as características da poboación e da mostra e apúntanse as cuestións máis relevantes relacionadas co desenvolvemento das enquisas.

No terceiro capítulo caracterízanse os colectivos de visitantes e de non visitantes e recóllese información sobre os seus comportamentos ou a súa opinión respecto dos principais atributos ambientais do PNC, así como datos sociodemográficos, a fin de apuntar algunhas das relacións máis significativas entre as distintas variables consideradas e a disposición a pagar pola conservación e/ou pola existencia do parque.

Os capítulos cuarto e quinto conteñen, respectivamente, a aplicación do método dos custos de viaxe e o método de valoración continxente. O primeiro permite dispoñer dunha primeira valoración da visita e do valor de conservación do espazo natural que a fai posible, mostrando os distintos resultados ós que se chega con diferentes caracterizacións mostrais e métodos econométricos. O segundo remite ó que estarían dispostos a pagar os visitantes e os non visitantes, de forma independente, para conservar as illas no estado de calidade ambiental no que se atopan, cifra que si se pode comparar co que a Administración gasta no parque cando se aplica o método ACB. Tamén para esta metodoloxía continxente se presentan diversas especificacións dos modelos de análise.

O sexto capítulo presenta a aplicación pioneira dun modelo meta-analítico ós estudos de valoración continxente de áreas naturais realizados en España, a fin de comparar e sintetizar os seus resultados e de construír unha función de transferencia de beneficios que permita discernir cómo encaixa a valoración obtida no capítulo anterior da disposición a pagar dos visitantes no conxunto de valoracións realizadas noutras contornas naturais, e identificar aquelas variables que expliquen as diferenzas nos resultados obtidos. A estimación do modelo revela que son as características obxectivas da experiencia da visita, máis ca cuestións metodolóxicas, as que inflúen na valoración dos individuos, o que permite unha maior confianza na transferencia de beneficios entre estudos de valoración para, a partir dos xa realizados, estimar o valor recreativo asociado a unha área natural.

Finalmente, no capítulo sétimo aplícaselle a análise custo-beneficio á determinación da rendibilidade social da conservación do PNC, estimando os custos anuais

da súa xestión a partir dos datos obtidos do Concello de Vigo e da Consellería de Medio Ambiente, e calculando os beneficios como produto do número de potenciais beneficiarios do parque e da súa disposición ó pagamento, obtida a través do método de valoración continxente. Cando se consideran como beneficiarios ós visitantes do PNC, determínase unha ratio beneficio/custo de 4,9, mentres que se se agregan os beneficios de usuarios e de non usuarios, a ratio elévase a 8,2.

Con estes resultados, o estudo dá conta da elevada rendibilidade social dos investimentos públicos na protección e na conservación do patrimonio natural, e xustifica desde un punto de vista económico a necesidade de estender e de ampliar esa intervención. Pero a que considerámo-la principal achega do traballo recollido neste libro é a proposta dunha metodoloxía dun elevado rigor científico para auxiliar os procesos de toma de decisións sociais, que podería facilitar unha tarefa non exenta de controversia como é a asignación de recursos públicos a accións de protección ambiental.

NOELIA ROMERO CASTRO
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela